

**BELÉN VILLAR GONZÁLEZ** voceira do PP de Ponteareas, **ANDRES SAMPEDRO**, **SILVIA FERNÁNDES**, **FRANCISCO REPRESAS** e **LINA LIMERES** concelleiros polo grupo do Partido Popular, ao amparo do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presentamos ante ese Pleno Corporativo a seguinte **MOCIÓN**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende hai varios meses o sector dos salóns de peiteado e barberías están a realizar diferentes accións de protesta e mobilización para reclamar a inmediata baixada do IVE ao 10% como corresponde a un sector que presta servizos esenciais de primeira necesidade.

O 20 de xaneiro tivo lugar a mobilización máis importante da historia dos salóns de peiteado e barberías a nivel nacional como resultado da colaboración e coordinación de máis de 100 entidades, asociacións, colectivos, plataformas, marcas/provedores, e clubs profesionais do sector da imaxe persoal, representando a máis de 10.000 salóns de peiteado e barberías de todo o territorio español.

En Ponteareas esta concentración tamén se celebrou o 20 de xaneiro ás 10 h diante do Concello, onde se xuntaron os profesionais que traballan neste sector, os cales están a vivir unha agónica situación ao estar sometidos a unha dobre crise provocada pola sangría fiscal que supón soportar un IVE ao 21%, e o colapso da actividade provocado pola pandemia do COVID.

Neste momento o foco está sobre o Partido Socialista (PSOE) e o resto de partidos que apoian ao goberno de coalición, como é o caso do BNG, para denunciar a traizón aos compromisos adquiridos co sector da imaxe persoal cando estaban na oposición, e que provocou a indignación dun sector que contempla como agora desde o goberno, boicotean as PNL e as emendas presentadas durante as votacións aos Orzamentos Xerais do Estado impedindo a recuperación do IVE reducido para a imaxe persoal.

Todo o sector está completamente unido na Alianza pola baixada do IVE/IVE ao 10% aos salóns de peiteado e barbarías, poñendo de manifesto o actual clima de unidade do sector, que reclama cunha única voz e ao unísono, a recuperación dun IVE reducido así como a implementación dun verdadeiro plan de choque e rescate dende todas as administracións nun contexto como o actual, que ameaza a miles de establecementos, poñendo en perigo a decenas de miles de traballadores/as e autónomos/as, e que tamén afectan directa e indirectamente a moitos dos nosos veciños de Ponteareas.

Para que todos os grupos políticos desta Corporación apoiemos e esixamos esta rebaixa do IVE, o grupo municipal do PP presentamos a seguinte **Moción** ao Pleno para que acorde:

1. Esixir ao Goberno Central a inmediata baixada do IVE do 21% ó 10% para os salóns de peiteado, barberías, salóns de beleza e asesores de imaxe por ser un sector que presta servizos esenciais de primeira necesidade.

Ponteareas, a 20 de xaneiro de 2021.



Asdo: Belén Villar González

**ATT: PLENO MUNICIPAL CONCELLO DE PONTEAREAS**